

BASES ESPECÍFICAS PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS POR PROGRAMAS CON CARÁCTER URXENTE PARA O PROGRAMA SINGULAR DE EXALTACIÓN DA GASTRONOMÍA DO GROVE E DESESTACIONALIZACIÓN DO TURISMO: FESTA DO MARISCO

Artigo 1. Obxecto

A convocatoria realízase para establecer as bases de selección dos funcionarios interinos por programas necesarios para a execución do **“Programa singular de exaltación da gastronomía do Grove e desestacionalización do turismo: Festa do Marisco”**

A alcaldía do Concello do Grove presentou o Programa singular de exaltación da gastronomía do Grove e de desestacionalización do turismo cuxo obxectivo é constituír unha ferramenta de fomento, promoción e exaltación dos produtos do mar de Galicia e do produto local do Grove, a través da súa oferta nun ámbito de disfrute e de ocio. Aumentar a información e coñecemento dos recursos do municipio do Grove, tanto a nivel turístico como a súa conxugación cos recursos que o mar produce, buscando converter o binomio gastronomía-turismo nun polo de atracción de visitantes. A promoción turística do Grove e do resto da comarca do Salnés fóra da tempada estival, a través dunha programación cultural e unha oferta gastronómica dirixida a atracción de visitantes. Conseguir prolongar a tempada estival e desestacionalizar o turismo que acude ao Grove e ás Rías Baixas máis alá dos meses de verán. Conseguir atraer visitantes ata O Grove e o resto de Galicia, ofrecéndolles unha programación cultural e unha oferta gastronómica única en toda España a comezos do outono. Aumentar a actividade económica do sector turístico e hostaleiro, alongando a tempada alta de visitantes. Dar a coñecer os produtos locais entre os visitantes, incluída a artesanía propia do municipio.

Todo isto nunha situación social cambiante e pouco predecible debido á pandemia sufrida a nivel mundial, que unida á situación bélica en Ucraína, que afecta moito no ámbito económico e en especial ao turismo e sen esquecer o cambio climático que provoca que as persoas muden os destinos e datas das súas vacacións.

O presente programa quere afondar e darlle unha nova dimensión á tradicional Festa do Marisco do Concello do Grove e para poder levalo a cabo, o concello non dispón de persoal para poder abarcar o proxecto proposto, non obstante a súa execución é un asunto que non se pode demorar. Á vista das datas nas que nos atopamos a selección de persoal deriva en urxente para executar o presente programa.

O evento fundamental das diferentes actuacións incluídas no presente programa levaranse a cabo ao na última semana de setembro e primeiras de outubro de cada un dos tres anos en que se executara o programa, a Festa do Marisco. As datas de celebración serán propias de cada ano e virán determinadas pola festividade do 12 de outubro, sendo día festivo nacional.

Artigo 2. Ámbito de aplicación da bolsa de emprego

A convocatoria realízase para establecer as bases de selección de funcionarios interinos necesarios para a execución do programa de actuación temporal **“Programa singular de exaltación da gastronomía do Grove e desestacionalización do turismo: Festa do Marisco”** ao amparo do



Concello do Grove

disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, modificando no seu artigo 1, o Texto refundido da Lei do [EBEP](#), aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, dando unha nova redacción ao artigo 10, quedando redactado como segue: "Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliables ata doce meses máis polas Leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto". seguinte xeito:

Postos, grupo e funcións establecidas no cadro seguinte e no Anexo II

A duración do nomeamento de penderá das necesidades de cada ano, nonpodendo ser superior a 18 días.

BOLSA ESPECIFICA FESTA DO MARISCO (BEFM)

POSTOS	GRUPO	Requisitos imprescindibles de acceso a cada categoría	Funcións	CÓDIGO DE SOLICITUDE	
8	Axudante de cociña	AP	Certificado de estudos primarios Certificado de manipulador de alimentos	Pinche de cociña. Servizo de produto en posto de venda.	ACÑ
1	Peón de almacén	AP	Certificado de estudos primarios Certificado de manipulador de alimentos	Control dos pedidos, seguimento do stock. distribución e seguimento do produto.	RA
14	Caixeiro/a	C2	Graduado Educación Secundaria Obrigatoria ou Ciclo de Formación Profesional de Grado Medio	Cobramento. Atención ao público.	CX
22	Dependente en Stand	AP	Certificado de estudos primarios Certificado de manipulador de alimentos	Atención ao público nos stands de adquisición de produto.	DS
8	Operario de mantemento	AP	Certificado de estudos primarios.	Montaxe, desmontaxe e mantemento de equipamento no recinto da Festa. Reparacións menores no desenvolvemento da Festa.	OM
11	Peón de Limpeza	AP	Certificado de estudos primarios	Limpeza no recinto da Festa e recollida de lixo.	PL
2	Operario control acceso	AP	Certificado de estudos primarios Carné de conducir B	Organización e distribución dos autobuses no recinto da Festa do Marisco	OCA

Artigo 3. Publicidade

O anuncio da convocatoria de selección de persoal para o “Programa singular de exaltación da gastronomía do Grove e desestacionalización do turismo. Festa do Marisco” farase no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO); as bases íntegras publicaranse na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal: www.concellodogrove.es



Artigo 4. Requisitos das persoas aspirantes.

No momento en que remate o prazo de presentación das solicitudes, as persoas aspirantes teñen que reunir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea ou, no caso de tratarse de persoas estranxeiras non comunitarias, contar con permiso de residencia ou permiso de traballo, que deberá de achegarse xunto coa solicitude.
2. Ter cumpridos os 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible co normal desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes ao posto solicitado.
4. Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública.
5. Non estar envolvidas en causa de incapacidade ou incompatibilidade para prestar os seus servizos no Concello do Grove.
6. Cumprir cos requisitos para o posto que se solicite, establecidos no **anexo II** da presente convocatoria

Artigo 5. Solicitudes e documentación para presentar

5.1 Solicitudes:

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso deberán presentar unha solicitude, segundo o modelo que se achega como Anexo I, no Rexistro Xeral do Concello, a través da Sede electrónica do Concello (<https://concellodogrove.sedelectronica.gal> - catálogo de trámites - instancia xeral) ou en calquera das formas que determina o art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cada persoa candidata poderá solicitar a participación en unha ou varias das categorías convocadas sempre que acredite cumprir os requisitos para todas elas.

Despois de recibir as solicitudes, exporase a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando a causa de exclusión e facilitando un prazo de corrección de **2 días hábiles** desde a súa publicación.

5.2 Documentación que deberá presentar:

As persoas aspirantes deberán achegar, xunto co **Anexo I**, os seguintes documentos:

1. Fotocopia do DNI ou documento acreditativo da súa identidade.
2. Fotocopia dos requisitos establecidos no anexo II, segundo do posto solicitado.
3. Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados para a súa valoración:

a) Para os **méritos profesionais**: vida laboral e contratos de traballo ou certificados de servizos prestados.

b) Para a **formación**: títulos de formación regulada, certificados de cursos, xornadas e talleres onde se especifiquen o número de horas da formación recibida e os contidos.

Neste apartado computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidade Autónoma e Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas de administración pública, directamente relacionados co posto ao que se opta.



Os méritos non xustificados ou non acreditados suficientemente mediante a presentación de documentos á que se fai alusión neste apartado non se valorarán nin serán tidos en conta polo tribunal cualificador.

O Concello será o encargado de verificar a experiencia dos candidatos como voluntarios ou empregados en edicións anteriores da Festa do Marisco.

5.3 Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de inscrición será de **5 días hábiles**, a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO).

Artigo 6. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador será designado polo órgano municipal competente e estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais.

Todos os membros do tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do tribunal, aos efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade que os convocou, e as persoas aspirantes poderán recusalos cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal cualificador será competente para resolver e interpretar as incidencias, controversias e reclamacións que se produzan.

Artigo 7. Procedemento de selección.

A forma de selección será o Concurso.

7.1 Valoración de Méritos

Recibida a relación de persoas aspirantes, valorarase a documentación adxunta achegada conforme os criterios que se expoñen a seguir:

A) Experiencia

Experiencia laboral: considéranse méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada pola persoa solicitante mediante o orixinal ou a copia cotexada de documentos xustificativos. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 6,50 puntos.

A1) Por cada edición na que teña participado previamente na Festa do Marisco na mesma ocupación para a que é candidato, nos últimos 5 anos: 1,25 puntos por edición.

A2) Por mes traballado na Administración pública no mesmo posto: 0,2 puntos, ata máximo 5 puntos.

A3) Por mes traballado na empresa privada no mesmo posto: 0,1 puntos, ata un máximo de 3 puntos.



Concello do Grove

B) Formación

Formación: Considéranse méritos profesionais a formación relacionada co posto de traballo a desempeñar. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 3,50 puntos.

-Por cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar:

1.Sen especificación de horas e ata 10 horas.....	0,01 puntos
2.De 11 a 40 horas:	0,03 puntos
3.De 41 a 70 horas :	0,05 puntos
4.De 71 horas a 100 horas:.....	0,07 puntos
5.De 101 a 250 horas:	0,10 puntos
6.De 251 a 400 horas:	0,25 puntos
7.De máis de 400 horas:	0,50 puntos

7.2 Puntuación total

Virá determinada pola suma dos méritos alegados e xustificadas por cada aspirante.

En todo caso, deberase ter en conta:

1. Que a valoración de méritos de cada unha das persoas aspirantes se fará en función da documentación achegada por ésta, e cos criterios establecidos no anexo II destas bases.
2. Realizada a valoración de méritos, o Tribunal de Selección publicará un acta coas puntuacións provisionais dos candidatos, abrindo un prazo de **2 días hábiles** para realizar as reclamacións oportunas, finalizado o prazo publicarase a lista definitiva coas puntuacións de maior a menor.
3. No caso de que da suma das puntuacións obtidas resulte un empate entre dous ou máis dos candidatos presentados, dirimirase a favor do candidato que obtivese a maior puntuación no apartado de experiencia, en caso de persistir o empate resolverase a favor do candidato que obtivese a maior puntuación no apartado de formación e por último, se persiste o empate, resolverase por sorteo.
4. No caso de non cubrirse os postos necesarios para unha categoría poderase abrir un novo prazo de presentación de solicitudes.
5. A alcaldía ditará unha resolución, en base ás actas e informes correspondentes, coa lista de aspirantes en cada un dos postos para o que foi seleccionado e que se exporá no taboleiro do Concello e na sede electrónica da páxina web do Concello do Grove: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/info.0>.
6. No suposto de que unha mesma persoa aspirante estea seleccionada e opta a varios postos, permitiráselle escoller un deles, para o que terá 24 horas, desde a publicación da Resolución coas puntuacións definitivas resoltos os empates, para presentar a renuncia aos postos non elixidos, en caso de non presentar renuncia será o Concello o encargado de asignar os postos. No caso que nunha das listas non conste ninguén máis para cubrir ese posto, terá que aceptar obrigatoriamente ese posto polas necesidades do Concello.
7. A alcaldía ditará unha resolución definitiva cos nomeamentos para cada un dos postos do “Programa singular de exaltación da gastronomía do Grove e desestacionalización do turismo”.



Artigo 8. Xestión do persoal seleccionado.

Apertura e chamamento:

Establecida a prelación de candidaturas de acordo coa puntuación obtida por aplicación dos baremos anteriormente citados e debidamente reflectidos na acta de valoración definitiva, e previa petición/solicitud dos responsables da xestión de persoal do evento, especificándose a categoría na que se vai facer o nomeamento, formularase a proposta de nomeamento, a medida que vaia sendo necesario cubrir os postos de traballo.

O chamamento da persoa candidata realizarase a través dos medios que deixará a propia persoa candidata como forma de contacto (teléfono e/ou correo electrónico). O chamamento será tamén publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para o seu coñecemento público.

A persoa, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, nun prazo máximo de 24 horas, a contar desde a publicación do chamamento, debendo quedar constancia no Rexistro xeral do Concello.

Xunto coa aceptación do chamamento, achegarase a seguinte documentación:

- Declaración responsable na que manifieste:
 - Aceptación expresa do posto.
 - Que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separado anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
 - Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible co normal desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes ao posto solicitado.
- Número de afiliación na Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.

De producirse a renuncia da persoa proposta de maneira xustificada e acreditada pasará ao final da lista correndo quenda na bolsa. A renuncia inxustificada será causa de exclusión da bolsa, tal e como queda especificado no artigo 10 sobre as causas de exclusión.

Artigo 9. Retribucións

As retribucións a percibir serán as especificadas na proposta de nomeamento. Cando a categoría non teña un reflexo no cadro de persoal, aplicarase un criterio de semellanza con outro posto, motivando tal criterio na proposta de nomeamento correspondente.

Artigo 10. Causas de exclusión da bolsa de emprego

Son causas de exclusión da bolsa:

1. Por vontade propia da persoa solicitante coa sinatura do documento de baixa correspondente.
2. Por renuncia inxustificada a unha oferta dun posto de traballo na categoría solicitada da bolsa.
3. Por non conseguirse contactar coa persoa solicitante polas vías habituais de comunicación.



4. Por ter feito un informe desfavorable por parte dos responsables do servizo.
Sendo estas causas de informe negativo:
 - a. Non acudir ao seu posto de traballo sen causa debidamente xustificada.
 - b. Impuntualidade continuada na hora de entrada ao seu posto de traballo.
 - c. Incapacidade manifesta para o correcto desenvolvemento do traballo.
 - d. Improdutividade manifesta e anormal no seu traballo.
 - e. Uso inapropiado das ferramentas ou material inapropiado para desenvolver o seu traballo.
 - f. Conduta inapropiada coas persoas usuarias en postos de atención ao público, cos seus compañeiros, compañeiras ou superiores.
 - g. Acudir ao posto de traballo con sinais evidentes de intoxicación por alcohol ou outras drogas.
5. Non cumprir cos requisitos de capacidade ou estar incurso en causas de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das administracións públicas conforme o disposto na Lei 53/1984, do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 11. Vixencia da bolsa

A vixencia da bolsa de emprego será exclusivamente a do período de execución do programa **“Programa singular de exaltación da gastronomía do Grove e desestacionalización do turismo: Festa do Marisco”**. Si se dirá a situación que nalgunha das categorías a longo do desenvolvemento do programa se agotaran as persoas candidatas podería abrirse unha convocatoira excepcional para cubrir ditos postos. (abranguendo días anteriores e posteriores necesarios para a súa montaxe e desmontaxe, de ser o caso)

Artigo 12. Protección de datos

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, consonte ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo o responsable do tratamento o Concello do Grove, ante o que se poderán exercer os dereitos previstos na citada normativa.

Artigo 13. Incidencias e recursos.

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a



Concello do Grove

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso).

O Grove, data e sinatura dixitais

O alcalde

José A. Cacabelos Rico



ANEXO I

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA OS POSTOS RECOLLIDOS NAS BASES
ESPECÍFICAS DA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIO
INTERINO POR PROGRAMAS PARA A FESTA DO MARISCO DE 2023**

1) SOLICITANTE:

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:			
APELIDOS E NOME:			
DNI/NIE:		N.º SEG. SOCIAL:	
DOMICILIO:			
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:	
LOCALIDADE:			
PROVINCIA:		IDADE:	
DATA DE NACEMENTO:		NACIONALIDADE:	

2) PRAZA QUE SOLICITA:

ORDE:

- 1) _____
- 2) _____
- 3) _____
- 4) _____
- 5) _____
- 6) _____
- 7) _____



Concello do Grove

3) DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA EN CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS:

A) REQUISITOS ACADÉMICOS

TÍTULO OBTIDO E ESPECIALIDADE	CENTRO	DATA REMATE

B) EXPERIENCIA PROFESIONAL

ORGANISMO OU EMPRESA	POSTO	DURACIÓN

•PARTICIPACIÓN NA FESTA DO MARISCO EN EDICIÓNS ANTERIORES:

a)SI EDICIÓNS (indicar os Anos): _____
b)NON

DECLARO que todos os datos arriba indicados son certos.

O Grove, _____ de _____ de 20____

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO GROVE



Concello do Grove

ANEXO II

REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS PARA CADA CATEGORÍA NA PRESENTE BOLSA DE EMPREGO (BFM-2023)

Denominación	Código	Requisitos imprescindibles de acceso a cada categoría	Funcións
Posto: Axudante de cociña Grupo: Agrupación Profesional E	ACÑ	Certificado de estudos primarios Certificado de manipulador de alimentos	Pinche de cociña. Servizo de produto en posto de venda.
Posto: Peón de almacén Grupo: Agrupación Profesional E	PA	Certificado de estudos primarios Certificado de manipulador de alimentos	Control dos pedidos, seguimento do stock, distribución e seguimento do produto.
Posto: Caixeiro/a Grupo C2	CX	Graduado Educación Secundaria Obrigatoria ou Ciclo de Formación Profesional de Grado Medio	Cobramento. Atención ao público.
Posto: Dependente de stand Grupo: Agrupación Profesional E	DS	Certificado de estudos primarios Certificado de manipulador de alimentos	Atención ao público nos stands de adquisición de produto.
Posto: Peón de mantemento Grupo: Agrupación Profesional E	PM	Certificado de estudos primarios.	Montaxe, desmontaxe e mantemento de equipamento no recinto da Festa. Reparacións menores no desenvolvemento da Festa.
Posto: Peón de limpeza Grupo: Agrupación Profesional E	PL	Certificado de estudos primarios	Limpeza no recinto da Festa e recollida de lixo.
Peón control acceso Grupo: Agrupación Profesional E	PCA	Certificado de estudos primarios Carné de conducir B	Organización e distribución dos autobuses no recinto da Festa do Marisco

